

Catálogo dos documentos do Libro de facenda I da Confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago de Compostela

CATALOGUE OF DOCUMENTS OF
FINANCE'S BOOK I OF THE BROTHERHOOD
OF THE CLERGYMEN OF THE CHOIR OF
SANTIAGO DE COMPOSTELA'S CHURCH

ADRIÁN ARES LEGASPI
Universidad de Sevilla

Catálogo dos documentos do Libro de facenda I da Confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago de Compostela

ADRIÁN ARES LEGASPI
Universidad de Sevilla

Recibido: 15/02/2019
Aprobado: 30/09/2019

167

Resumen: la Cofradía de los clérigos del coro de la iglesia de Santiago de Compostela recurrió a la escritura para poder controlar y administrar su patrimonio hacendístico, lo cual dio lugar a la confección de varios códices. En ellos se recogieron distintos tipos de documentos otorgados por la institución, o bien concernientes a su hacienda, con una tradición documental concreta y la intervención de diferentes notarios. En este trabajo elaboramos el catálogo de los documentos contenidos en el Libro I de hacienda de dicha cofradía.

Palabras clave: códices, hacienda, Cofradía de los clérigos del coro de la iglesia de Santiago, Santiago de Compostela.

Códigos UNESCO: Paleografía (550508), Historia de la Iglesia (550690).

CATALOGUE OF DOCUMENTS OF FINANCE'S BOOK I OF THE BROTHERHOOD OF THE CLERGYMEN OF THE CHOIR OF SANTIAGO DE COMPOSTELA'S CHURCH

Abstract: the Brotherhood of the clergymen of the choir of Santiago's church used the script in order to control and deal with its finances, which led to the confection of some codices. These books contain many kinds of documents given by this institution or related with its finances, and each one has its own textual tradition and was made by a specific kind of scribe. The aim of this study is to provide the catalogue of the documents of the Book I of finances of this brotherhood.

Keywords: codices, finances, Brotherhood of the clergymen of the choir of Santiago's church, Santiago de Compostela.

ESTUDO INTRODUTORIO*¹

A confraría dos cregos do coro foi unha confraría de tipo profesional composta polos cregos composteláns que estaban obrigados a acudir “al rezo de las horas canónicas en el coro catedralicio”². Tratábase, entón, dunha institución que debido ao seu carácter supoñía unha “asistencia profesional” para os cregos membros³, mais estes non só se beneficiaban deste auxilio, senón que a confraría tamén lles reportaba uns réditos económicos a ter en conta⁴. Porén, os individuos pertencentes ao sector eclesiástico non foron os únicos en formar parte da confraría, pois tamén estivo integrada por outros confrades laicos que “no parecen tener mayor relación con la institución que el acto de admisión, la entrega de bienes y la intercesión de los clérigos por su alma”⁵. Unha intercesión, é dicir, ofrenda de aniversarios, que para Neira Pérez, “é a actividade central dos clérigos da Confraría do coro” e a cal “implicaba unhas rendas substanciosas ao longo do ano”⁶.

No relativo á xénese da confraría, esta é aínda hoxe difícil de reconstruír pois existen certas lagoas documentais e períodos nos que as novas sobre a súa actividade son escasas. Temos constancia de que no ano 1457 o arcebispo Rodrigo de Luna confirma unhas ordenanzas á confraría⁷, significando este fito a unión nunha soa institución de tres organizacións que xa existían naquel intre: a confraría dos cregos do coro, a dos presbíteros ou capeláns da cidade

* Esta investigación foi posible grazas ao financiamento do V Plan Propio de Investigación da Universidade de Sevilla e ao proxecto de investigación I+D+I “Excelencia” do Ministerio de Economía e Competitividade: HAR2017-85025-P. IESOP. Iglesia y Escritura en el Occidente Peninsular (Castilla y Potugal. Siglos XII-XVII).

¹ Abreviaturas empregadas: Archivo da Catedral de Santiago de Compostela (ACS).

² VÁZQUEZ BERTOMEU, Mercedes, “La cofradía de los Clérigos de Coro de Santiago y las ordenanzas de 1457”, *Compostellanum*, 44, 1999, p. 473.

³ Para ver os distintos proveitos neste ámbito *vid. ibídem*, p. 468.

⁴ *Ibidem*, p. 469.

⁵ *Ibidem*, p. 471.

⁶ NEIRA PÉREZ, Xoán Manuel, *As confrarías dos clérigos da Concepción na diócese de Santiago. Séculos XII-XVI*, Noia, Toxosoutos, 1998, p. 160.

⁷ LÓPEZ FERREIRO, Antonio, *Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago de Compostela*, Santiago de Compostela, 1904, vol. 7, p. 211. Estas ordenanzas aparecen no Libro de facenda da *Cofradía da Concepción II*: ACS, CF2, ff. 1-7. Para unha edición das mesmas *vid. VÁZQUEZ BERTOMEU, M. “La cofradía de los Clérigos [...]”, op. cit., pp. 476-493 e NEIRA PÉREZ, X. M., As confrarías dos clérigos da Concepción [...], op. cit., pp. 189-210.*

e a dos racioneiros de *Sancti Spiritus*⁸. Agora ben, a pesares desta fusión, cada confraría mantiña a súa propia identidade⁹, non podendo falar dunha manifesta advocación da Concepción por parte da institución até o século XVI¹⁰.

Logo de 1457, un dos ámbitos fundamentais de xestión da confraría foi o do seu patrimonio inmovible e o control das rendas económicas que percibía. Aínda que “ni antes ni despoés de esta fecha, consigue hacerse con un patrimonio realmente importante”¹¹, a institución vese obrigada a artellar unha serie de mecanismos de control e administración da súa facenda, atopando no emprego da escritura a mellor ferramenta para tal finalidade. Deste xeito é como nacen a partir de 1457 os dous libros de facenda da confraría e cuxa función xa aparecía recollida nas ordenanzas dese ano:

Item ordenaron que os vigarios quando deren a dita conta mostren logo aos consiliarios todos los contrabtos que pasaron en dita confraria, sacados dos notarios por que pasaron e os leven deytados eno libro da confraria, e esto se entenda quaesquer contrabtos que pasaren eno tempo en que eles foren vigarios, e se o asy non fezeren que non lles seia dado selario ninhunn do que avia de aver aquel ano¹².

Como observamos neste apartado, os vigairos da confraría eran os encargados de levar consigo uns libros nos que figurasen os documentos realizados durante o tempo que durara o seu labor, e que deberían de ser presentados ante os consiliarios, “máximos responsables da Confraría despois das decisións do cabido” e que ao mesmo tempo ocupábanse de pedir “as contas ós vigairos do ano anterior da facenda e administración da Confraría e os seus bens”¹³. Estes dous libros de facenda están polo tanto ligados xa dende o comezo á esfera económica e administrativa da institución, o cal explica tamén a tipoloxía documental que podemos atopar nos seus folios: tomas de posesión, compravendas, foros e arrendamentos, poderes, testamentos... As doazóns feitas por particulares a cambio duns servizos

⁸ NEIRA PÉREZ, X. M., *As confrarías dos clérigos da Concepción* [...], op. cit., pp. 143 e ss. López Ferreiro asegura, pola súa banda, que as confrarías dos cregos do coro e máis a dos presbíteros xa se xuntaran con anterioridade, a comezos do século XIV (LÓPEZ FERREIRO, A., *Historia de la Santa* [...], op. cit., vol. VII, p. 212). Porén, Vázquez Bertomeu considera que a fusión dos tres organismos xa tivera lugar antes de 1448 (VÁZQUEZ BERTOMEU, M., “La cofradía de los Clérigos [...]”, op. cit., p. 446).

⁹ VÁZQUEZ BERTOMEU, M., “La cofradía de los Clérigos [...]”, op. cit., p. 448.

¹⁰ NEIRA PÉREZ, X. M., *As confrarías dos clérigos da Concepción* [...], op. cit., p. 148.

¹¹ VÁZQUEZ BERTOMEU, M., “La cofradía de los Clérigos [...]”, op. cit., p. 475.

¹² Edición de *ibidem*, p. 488.

¹³ NEIRA PÉREZ, X. M., *As confrarías dos clérigos da Concepción* [...], op. cit., pp. 156 e 157.

relixiosos¹⁴ destacan en número fronte ao resto dos diplomas, sendo estas, xunto aos testamentos e ás compras, as principais vías que ten a institución para adquirir o seu patrimonio¹⁵.

Da iniciativa de 1457 xorden, así, dous libros nos que se debían de recoller os documentos realizados durante o exercicio dos vigairos, mais nos que non sempre a confraría actuaba como outorgante, senón que tamén o podía facer como beneficiaria. Asemade, o feito de que nestes libros se asenten diplomas referentes á facenda da institución non debe de facernos pensar que se tratan de tomos¹⁶ con esta temática ou dos coñecidos como protocolos de bens dalgunhas institucións hospitalarias¹⁷. Nos folios dos libros de facenda da confraría dos cregos do coro redáctanse principalmente diplomas orixinais, sobre todo cando a *actio* consignada se desenvolve logo de 1457, máis tamén renovacións e copias documentais. É por isto que debemos de falar de códices diplomáticos cunha función administrativa cuxos diplomas presentan distintas tradicións documentais¹⁸.

Dende o punto de vista da súa confección material, esta iniciouse a partir de 1457, intre no que se data o documento orixinal máis antigo contido nestes libros, e remataría en 1567 co último dos diplomas asentados. Porén, a actual estrutura e organización dos folios de ambos volumes non é a mesma que a orixinaria, posto que os códices foron reconstruídos formando cadernos de 3 bifolios ficticios, nos que cada folio se unía co seu correspondente mediante pestanas. Unha tarefa da que quedou constancia ao comezo do

¹⁴ Para unha análise máis profunda desta tipoloxía documental *vid.* OSTOS SALCEDO, Pilar, “Dotaciones de capellanía”, en P. OSTOS SALCEDO (coord.), *Práctica notarial en Andalucía (siglos XIII-XVII)*, Sevilla, 2014, pp. 83-112; IDEM, “Documentos para el ‘ánima salvar y los herederos apaciguar’ en la Sevilla medieval. Testamentos y dotaciones de capellanías”, *Archiv für Diplomatik*, 57, 2011, pp. 275-313.

¹⁵ VÁZQUEZ BERTOMEU, Mercedes, *Una cofradía compostelana en el siglo XV: la Prima*, Santiago de Compostela, 1989. Memoria de licenciatura presentada na Universidade de Santiago de Compostela.

¹⁶ Para una definición deste tipo de códices *vid.* CÁRCEL ORTÍ, Milagros, *Vocabulaire international de la Diplomatique*, Valencia, Universitat de València, 1994, pp. 35y 36.

¹⁷ Esta tipoloxía de códices diplomáticos foi estudada por MESTRE NAVAS, Pablo Alberto, “Libros para la administración de bienes en los hospitales de Sevilla”, *Documenta & Instrumenta*, 14, 2016, pp. 139-165.

¹⁸ Para unha distinción entre as diferentes formas de transmisión dun documento *vid.* BONO HUERTA, José, “Modos textuales de transmisión del documento notarial medieval”, *Estudis històrics i documents dels arxius de protocols*, 13, 1995, pp. 75-104.

libro primeiro, onde, nunha anotación feita a finais do século XV ou inicios do XVI¹⁹, e borrada case por completo, se pode ler:

Esta es la pauta de todas las escrituras que ay en este libro primero y libro segundo y estaba [...] rpo y se dibidió y quien quisiere [...] escrituras por [...] en dichos libros [...] que por el [...] tinta colorada [...] en esta margen [...] importancia está a par como se berá²⁰.

Trátase de dous códices de gran tamaño: 315mm de ancho por 435mm de alto o primeiro e 320mm por 420mm o segundo. O material empregado foi o pergameo e os folios, debido á reestruturación devandita, non sempre seguen a lei de Gregory, agás nos casos nos que, seguramente, non se alterou a orde dos cadernos respecto da confección inicial. Tampouco se aprecia pautado do soporte máis alá da caixa de escritura que se traza mediante unhas liñas grises sen seren decoradas ou resaltadas con outras cores.

En canto aos elementos paleográficos dos códices, estes dous libros utilizan de xeito maioritario unha gótica de tipo H²¹ para o corpo dos diplomas, sendo practicada por máis dun amanuense. Aínda así, atopamos outras mans que se afastan deste modelo gráfico, imprimindo un meirande grao de cursividade ás súas escrituras e usando a gótica cursiva redonda ou cortesá²² e algúns modelos hibridados con elementos ao mesmo tempo da cortesá e da mixta francesa²³. Por último, a estas tipoloxías gráficas hai que engadir as góticas textuais²⁴, tanto na versión redondeada como na fracturada, que se empregaron, a primeira, nalgún asento de documentos

¹⁹ Datación tirada do modelo gráfico empregado: unha gótica híbrida do tipo H de Gumbert. *Vid.* GUMBERT, Johan Peter, “A proposal for a Cartesian nomenclature”, en *Essays presented to G. I. Lieftinck*, Ámsterdam, 1976, vol. 4, p. 47

²⁰ ACSC, CF1, f. 1r. É probable que nese comentario inicial se explicara o motivo para levar a cabo esta reorganización dos cadernos, mais nada sabemos polo de agora sobre os criterios seguidos para a nova estrutura. Non obstante, parece que o asento dos documentos outorgados en zonas rurais é máis común no libro segundo.

²¹ J. P. GUMBERT, “A proposal [...]”, *op. cit.*, p. 47.

²² SANZ FUENTES, María Josefa, “La escritura gótica documental en la Corona de Castilla”, en *Paleografía II: las escrituras góticas desde 1250 hasta la imprenta*, Oviedo, 2010, p. 126; MILLARES CARLO, Agustín, *Tratado de paleografía española*, Madrid, 1983, pp. 224 e 225.

²³ SMITH, Marc H., “L’écriture de la chancellerie de France au XIV^e siècle: observations sur ses origines et sa diffusion en Europe”, en *Régionalisme et internationalisme: problèmes de paléographie et de codicologie du Moyen Âge*, Viena, 2008, p. 280.

²⁴ ÁLVAREZ MÁRQUEZ, María del Carmen, “Escritura latina en la Plena y Baja Edad Media: la llamada <<gótica librería>>”, *Historia. Instituciones. Documentos*, 12, 1985, pp. 377-410.

máis tardíos e, a segunda, como letra distintiva na primeira liña de cada documento, agrandando o tamaño e espesor das letras.

CATÁLOGO DOS DOCUMENTOS²⁵

1

1263, outubro, 27. Santiago de Compostela.

Dominicus Petri, notario de Santiago, vende á confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago unha casa na rúa "Ferrariorum" por 100 soldos leoneses.

B.- ACS, CF2, f. 40r.

2

1294, maio, 4. Pazo da Quintana, Santiago de Compostela.

A confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago doa a perpetuidade a Petrus Pellagii, "dicto Baluga", porcionario da catedral de Santiago, unha casa na rúa da "Mamula".

B.- ACS, CF2, f. 40v.

3

1375, xullo, 12. [Santiago de Compostela]

Asenxo Martínez, veciño de Santiago, morador na rúa Nova, e a súa muller Tareixa Peliz, venden a Rodrigo Afonso, alfaiate, veciño de Santiago, morador na rúa da Moeda Nova, e á súa muller, Dominga Sopas, o casal de Trasariz, na freguesía de San Fins de Salnés, por 900 marabedís.

B.- ACS, CF2, ff. 65v-66r.

²⁵ Recollemos neste catálogo todos os documentos asentados no primeiro Libro de facenda da Confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago de Compostela por orde cronolóxica, especificando, ademais, o folio no que se localizan no códice. Algúns dos correspondentes á primeira metade do século XV (até 1455) xa foron editados por M. VÁZQUEZ BERTOMEU, *Una cofradía compostelana en el siglo XV* [...], op. cit., apéndice II. Hai que ter en conta, por outra banda, que os 22 primeiros folios deste libro conteñen o índice documental e que o asento dos diplomas comeza no f. 22v.

4

1387, xullo, 9. [Santiago de Compostela]

Ares Pérez da Cana, veciño de Santiago, e a súa muller, María Afonso, venden a Rodrigo Afonso, mercador, veciño de Santiago, morador na rúa da Moeda Nova, e á súa muller, Dominga Sopas, o casal e herdade do lugar de Víno, na freguesía de Santo André de Illobre, por 700 maravedís.

B.- ACS, CF2, f. 66r/v.

5

1402, novembro, 28. [Santiago de Compostela]

Martín da Vaia e a súa muller, Tareixa da Vaia, veciños do burgo da Ponte Asigueiro, venden a Rodrigo Eanes, crego cureiro da igrexa de San Cristovo da Enfesta, a metade dunha casa na rúa de Vilarente de Santiago por 1.350 maravedís.

A'.- ACS, CF2, f. 41r/v.

6

1403, xaneiro, 4. Rúa de Vilarente, Santiago de Compostela.

Rodrigo Eanes, crego cureiro da igrexa de San Cristovo da Enfesta, toma posesión da metade dunha casa na rúa de Vilarente de Santiago, que lle fora vendida por Martín da Vaia e a súa muller, Tareixa da Vaia, veciños do burgo da Ponte Asigueiro (1402, novembro, 28).

A'.- ACS, CF2, f. 41v.

7

1404, xaneiro, 9. [Santiago de Compostela]

María Fernández de Marçoa, viúva de Fernán Oanes, que fora morador na rúa Nova de Santiago, doa a perpetuidade á confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago, tres quintos dunha casa que tiña na rúa Nova de Santiago, para que a reciban como confrade, cos dereitos correspondentes, e por un aniversario por ela e o seu marido en xaneiro, o día de "Santeilo Afonso".

A'.- ACS, CF2, ff. 42r-43r.

8

1404, xaneiro, 9. [Rúa Nova, Santiago de Compostela]

Os procuradores da confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago toman posesión dos tres quintos dunha casa fora doada por María Fernández de Marçoa, viúva de Fernán Oanes (1404, xaneiro, 9).

A'.- ACS, CF2, f. 43r.

9

1405, febreiro, 14. [Santiago de Compostela]

Rodrigo Eanes da Fonte do Franco e a súa muller, Maior Eanes, doan a perpetuidade á confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago a renda de 3 libras que perciben da metade dunha casa na rúa da Fonte da Raíña, en Santiago, por unha misa anual polas súas almas e as dos seus sucesores o día de San Frutuoso.

A'.- ACS, CF2, f. 42r.

174

10

1405, xaneiro, 23. [Santiago de Compostela]

Pedro Domínguez, cambiador, veciño de Santiago, morador na rúa de San Miguel, na colación de San Miguel dos Agros, e a súa muller, Tareixa Ares, doan a perpetuidade á confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago a renda anual de 3 libras dunha casa na rúa do Vilar, en Santiago, para seren recibidos confrades e se lles diga unha misa cada ano por véspera de Santa María, no mes de marzo.

A'.- ACS, CF2, f. 49v-50r.

11

1405, xullo, 22. [Santiago de Compostela]

Gonzalo Martínez Poldro, veciño de Santiago, morador na rúa do Castro, e a súa muller, Çezía Afonso, doan a perpetuidade á confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago a renda de 2 marabedís por dúas casas que lles pertencen na dita rúa do Castro, para que os reciban a el e á súa muller como confrades.

A'.- ACS, CF2, f. 43r/v.

12

1405, novembro, 20-21. [Santiago de Compostela]

Xoán Ranón, garda do altar de Santiago, e a súa muller, Elvira Oanes, doan a perpetuidade á confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago a metade dunha casa na rúa da Pereira, en Santiago, máis unha renda de 20 marabedís que levan do lugar de Torrente, para que os reciban a el e á súa muller como confrades e canten por eles e por Gonzalo Sánchez de Bendaña, deán de Santiago, dúas misas anuais, unha o día de Santa Catalina, en novembro, e outra o 15 de abril.

A'.- ACS, CF2, ff. 43v-44r.

13

1405, novembro, 26. Rúa da Pereira, Santiago de Compostela.

Os procuradores da confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago toman posesión da metade dunha casa en dita rúa que fora doada por Xoán Ranón, garda do altar de Santiago, e a súa muller, Elvira Oanes (1405, novembro, 20-21).

A'.- ACS, CF2, f. 44r.

175

14

1405, novembro, 28. [Santiago de Compostela]

Pedro Fero, mercador, veciño de Santiago e morador na rúa do Preguntoiro, e a súa muller, Maior Díaz, doan a perpetuidade á confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago a renda de 12 marabedís que perciben pola súa casa na rúa do Valdomar, en Santiago, para que sexan recibidos como confrades y se diga unha misa por eles e os seus familiares o día de Santo Andrés, en novembro.

A'.- ACS, CF2, f. 44v.

15

1407, marzo, 30. [Santiago de Compostela]

Tareixa Rodríguez, viúva de Diego López, veciño de Santiago que moraba preto do mosteiro de San Paio de Antealtares, doa a perpetuidade á confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago, un casal na freguesía de

San Pedro de Vilanova, por unha misa anual por ela, o seu marido e os seus familiares cada 16 de agosto.

A'.- ACS, CF2, f. 41r.

16

1407, abril, 5. [Santiago de Compostela]

Dominga Pilatos, pixoteira, veciña de Santiago, doa a perpetuidade á confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago un octavo “máis seis e tres” e todo o dereito que ela ten na mesa da carnicería de Cima de Santiago, e máis unhas casas en Padrón para ser recibida como confrade.

A'.- ACS, CF2, ff. 44v-45r.

17

1407, xullo, 5. Casas de morada de María Vidal, Santiago de Compostela.

Martín Eanes, crego e procurador da confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago, toma posesión dunhas casas que Dominga Pilatos, pixoteira, lle doara á confraría e nas que moraba María Vdial, muller de Afonso Tinoso.

A'.- ACS, CF2, f. 59r.

18

1407, xullo, 8. Freguesía de San Pedro de Vilanova.

Gonzalo Eanes, capelán da capela da Corticela e procurador da confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago, toma posesión das herdades que Tareixa Rodríguez, muller de Domingo López, veciño de Santiago, lle doara á dita confraría na freguesía de San Pedro de Vilanova.

A'.- ACS, CF2, f. 59v.

19

1407, xullo, 20. [Santiago de Compostela]

A confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago afora a perpetuidade a Xoán Afonso de Lestedo, mercador, veciño de Santiago e

morador na rúa do Camiño, a metade dunha casa na rúa da Pereira, en Santiago, por 4 libras ao ano.

A'.- ACS, CF2, f. 45r/v.

Insírese:

1407, xullo, 18. Santiago de Compostela.

carta de poder da confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago dada aos seus procuradores, Martín Eanes e Roi da Castañeda, cregos.

B.- ACS, CF2, f. 45r/v.

20

1407, novembro, 10, xoves. Casas de morada de Xoán de Paz do Çiquelo, mercador, e da súa muller, Elvira Esquía, Santiago de Compostela.

Presentación e traslado do testamento de Elvira Esquía. Orixinal: 1407, febreiro, 10. Santiago de Compostela.

B.- ACS, CF2, ff. 39v-40r.

21

1408, febreiro, 18. Rúa da Pena, Santiago de Compostela

Pedro Eanes, crego e procurador da confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago, toma posesión do casal de Castroufe con todas as súas herdades, que lle fora doado á dita confraría por Dominga Sopas, viúva de Pedro Rodríguez Sopas, cambiador, no seu testamento.

B.- ACS, CF2, ff. 59v-60r.

22

1408, maio, 7. Barral de Graamil, freguesía de Santa Cristina de Fechán.

Pedro Eanes, capelán do mosteiro de Santa Clara de Santiago e procurador da confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago, toma posesión do casal de Fechán de Tresribas, o cal lle fora doado á dita confraría por Dominga Sopas no seu testamento.

B.- ACS, CF2, f. 60r/v.

23

1408, maio, 10. Barral de Trasariz, freguesías de Santa Vaia de Vedra e San Fins de Salnés.

Pedro Eanes, crego e procurador da confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago, toma posesión do casal de Castroufe e todas as súas herdades, que lles foran doadas á dita confraría por Dominga Sopas, muller de Pedro Rodríguez Sopas, cambiador, no seu testamento.

B.- ACS, CF2, ff. 60v-61r.

24

1408, marzo, 21. Santiago de Compostela.

Traslado dunha cláusula do testamento de Dominga Sopas, muller de Pedro Rodríguez, cambiador, morador na Rúa da Moeda Nova de Santiago. Orixinal: 1408, xaneiro, 12. Santiago de Compostela.

B.- ACS, CF2, f. 29r/v.

25

1408, xullo, 2. [Santiago de Compostela]

Fernán Pérez, escriban, e a súa muller, Urraca Gómez, veciños de Santiago e moradores na rúa do Vilar, doan a perpetuidade á confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago a renda anual de 2 marabedís da cuarta parte dunha casa que teñen na rúa dos Bautizados, en Santiago, para seren recibidos como confrades.

A'.- ACS, CF2, ff.[45v-46r].

26

1409, xullo, 9. S. I.

Martín Rodríguez, crego de Santa María de Luou, Rui García, crego de San Cristovo de Corneira, procuradores da confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago, aforan a perpetuidade a Xoana González, vicaria do mosteiro de Santa Cristina da Pena de Santiago e ao resto das monxas a cuarta parte e quiñón dun territorio que está xunto á igrexa de dito mosteiro por 4 marabedís ao ano.

B.- ACS, CF2, ff. 61r-62r.

Insírese:

1409, xullo, 9. Capela San Salvador, catedral de Santiago de Compostela.

Carta de poder da confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago aos dous procuradores.

B.- ACS, CF2, f. 61r/v.

27

1410, maio, 21. [Santiago de Compostela]

Vasco Gómez de Marçoa, cambiador, veciño de Santiago, e a súa muller, Sancha Vázquez, doan a perpetuidade á confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago a renda anual de 3 maravedís dunha casa na rúa da Fonte da Raiña, en Santiago, para seren recibidos como confrades.

A'.- ACS, CF2, f. 46r/v.

28

1410, xullo, 4. [Santiago de Compostela]

Xoán Fernández da Plaça, cóengo de Santiago, doa á confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago os dous terzos da mesa da carnicería de Cima que lle ten arrendada a Xoán Romeu, o mozo, carnicero, por 12 libras, un cuarto de carneiro e un azumbre de viño, para ser recibido como confrade.

A'.- ACS, CF2, ff. 46v-47r.

29

1411, marzo, 15. [Santiago de Compostela]

Traslado dunhas cláusulas do testamento de Gómez Fiins, notario de Santiago. Orixinal: 1411, marzo, 11. [Santiago de Compostela].

B'.- ACS, CF2, f. 47r/v.

30

1412, abril, 11. [Santiago de Compostela]

Gonzalo Fernández, pintor, e a súa muller, Maior Vázquez, veciños de Santiago, moradores na rúa Nova, venden a Xoán Fernández de Canas, cóengo da igrexa de Santiago, as casas nas que moran na dita rúa por 4.000 maravedís.

A'.- ACS, CF2, f. 96v.

31

1412, maio, 7. Santiago de Compostela.

Xoán Fernández de Canas, cóengo da igrexa de Santiago, toma posesión dunhas casas na rúa Nova, en Santiago, que lle foran vendidas por Gonzalo Fernández e Maior Vázquez (1412, abril, 11).

A'.- ACS, CF2, f. 96v.

32

1412, decembro, 28. [Santiago de Compostela]

Tareixa da Vaia, viúva de Martín da Vaia, morador que fora do burgo da Ponte Asigueiro, vende a Rodrigo Eanes, crego cureiro da igrexa de San Cristovo da Enfesta, a metade dunha casa na rúa de Vilarente, en Santiago, por 1.800 marabedís.

A'.- ACS, CF2, f. 49r/v.

180

33

1413, xaneiro, 4. [Santiago de Compostela]

Gonzalo García de Faxeiras, veciño de Santiago, e a súa muller Inés González, doan a perpetuidade á confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago, a renda de 3 marabedís da metade dunha casa na rúa dos Bautizados, en Santiago, para seren recibidos como confrades.

A'.- ACS, CF2, f. 48r.

34

1414, xaneiro, 26. [Santiago de Compostela]

Xoán Pérez de Figueiro, mercador, veciño de Santiago, e a súa muller, Aldara Fernández, doan a perpetuidade á confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago un cuarto dunha casa na rúa de Vilarente, en Santiago, para seren recibidos como confrades.

A'.- ACS, CF2, f. 48r/v.

35

1416, febreiro, 11. Santiago de Compostela.

A confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago afora a Xoán de Viveiro, mercador de Santiago, e á súa muller, Maior Pérez, a cuarta parte dunha casa na rúa de Vilarente, en Santiago, sen cobrar ningunha renda, coa condición de que cando morra o último membro do matrimonio, a metade que lle pertence a Maior Pérez desa casa pase á confraría.

A'.- ACS, CF2, f. 30v.

36

1416, abril, 2. [Santiago de Compostela]

Xoán Bugueirete, fillo de Fernán González do Preguntoiro, veciño de Santiago, doa a perpetuidade á confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago os 13 marabedís anuais que percibe do foro dunhas casas que lle pertencen na vila de Noia, na rúa de Pedro Sardiña.

A'.- ACS, CF2, ff. 29v-30r.

37

1416, setembro, 3. [Santiago de Compostela]

Gómez Fernández, mercador, veciño de Santiago, e María Pérez, muller de Xoán Grande, mercador que foi de Santiago, herdeiros de Xoán Domínguez, crego que foi de San Xoán de Serres, doan a perpetuidade á confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago unhas casas, hortas e pías de curtir coiros en Santiago, preto da capela do Camiño, que rendan ao ano 10 marabedís, para seren recibidos como confrades e para que se diga unha misa anual por Xoán Domínguez na véspera de Santa María, en setembro.

A'.- ACS, CF2, ff. 48v-49r.

38

1417, marzo, 29. Santiago de Compostela.

Testamento de Pedro Fernández, mercador, veciño de Santiago e morador na rúa do Preguntoiro.

B.- ACS, CF2 f. 62r/v.

39

1417, maio, 9. Santiago de Compostela.

Os procuradores da confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago toman posesión das casas anteriores doadas por Gómez Fernández, mercador, veciño de Santiago, e María Pérez, muller de Xoán Grande, mercador que foi de Santiago, herdeiros de Xoán Domínguez, crego que foi de San Xoán de Serres, en Santiago, preto da capela do Camiño (1416, setembro, 3).

A'.- ACS, CF2, f. 49r.

40

1417, maio, 14. [Santiago de Compostela]

Gonzalo Abril, mercador, veciño de Santiago, doa a perpetuidade á confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago a renda anual de 60 maravedís dunhas casas na rúa do Vilar por dous aniversarios pola súa nai, Tareixa Ares, un na véspera de Santa María, no mes de agosto, e o outro o día de Fidelium defunctorum ou outro día despois.

A'.- ACS, CF2, f. 50r/v.

41

1418, xaneiro, 26. [Santiago de Compostela]

A confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago recibe como confrade a María de Santiago, viúva de Lopo Abráldez, mercador, veciña de Santiago e dirán por ela e polo seu marido unha misa o día 1 de maio de cada ano, logo de que a dita María de Santiago lle doara á confraría a renda de 15 maravedís anuais que percibía da metade dunha casa.

A'.- ACS, CF2, f. 86r/v.

42

1418, febreiro, 28. Capela de San Salvador (catedral de Santiago de Compostela).

A confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago afora a Afonso Rodríguez, cambiador, veciño de Santiago, a perpetuidade tres quintos dunha casa na rúa Nova de Santiago por 10 libras ao ano.

A'.- ACS, CF2, ff. 50v-51r.

43

1418, xullo, 7. [Santiago de Compostela]

Fernán García crego cureiro da igrexa de Santa Cristina de Campaña doa a perpetuidade á confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago a cuarta parte dunha casa que ten na rúa dos Batiçados, en Santiago, por unha misa de réquiem anual pola súa alma e a dos seus familiares na véspera de Santa Catalina.

A'.- ACS, CF2, f. 31r/v.

44

1418, outubro, 18. Santiago de Compostela.

Sentenza do xuíz Fernán Rodríguez de Betanzos, comisionado por don Afonso García de Santamaría, doutor en leis e deán da igrexa de Santiago, nun preito de Sancho Martínez con Gonzalo Afonso e Xoán Custumeiro, para que os segundos, por seren membros da confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago, non paguen lutuosa.

B.- ACS, CF2, ff. 69r-70v.

Insírese:

1418, febreiro, 12. Santiago de Compostela.

Carta de comisión do deán da igrexa de Santiago Afonso García de Santamaría a Fernán Rodríguez de Betanzos.

B.- ACS, CF2, f. 69r.

45

1419, abril, 6. Capela de San Salvador (catedral de Santiago de Compostela).

A confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago afora a perpetuidade a Ares Pérez Chanteiro, veciño de Santiago, e á súa muller Costanza Fernández, o Casal de Ponte, na freguesía de Santa María de Chaián, por 32 marabedís anuais.

A'.- ACS, CF2, f. 32r/v.

46

1420, xaneiro, 2. [Santiago de Compostela]

Gonzalo Abril, mercador, veciño de Santiago, doa a perpetuidade á confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago a renda anual de 64 marabedís dunha casa na rúa do Vilar para ser recibido como confrade.

A'.- ACS, CF2, f. 51r.

47

1420, decembro, 24, martes-1421, decembro, 26, xoves²⁶.

Rúa de Vilarente, Santiago de Compostela. Alfonso López, crego e procurador da confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago, toma posesión da metade dunha casa na rúa Vilarente de Santiago, que doara Pedro Fernández, cambiador, veciño de Santiago, á dita confraría por un aniversario trala súa morte.

A'.- ACS, CF2, ff. 31v-32r.

48

1422, xullo, 14. Capela de Santa María Salomé, Santiago de Compostela.

Xoán Fernández de Canas, tesoureiro da igrexa de Santiago, doa a Xoán Fernández de Canas o mozo, seu criado, unha casa na rúa Nova, en Santiago, polos servizos que lle prestara.

A'.- ACS, CF2, f. 97r.

49

1424, setembro, 16. Capela de Sancti Spiritus, Santiago de Compostela.

A confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago da en censo a Xoán González, prateiro, veciño de Santiago, e á súa muller Catalina Pérez, todas as posesións que ten a confraría no lugar de Trasariz, nas freguesías de Santa Vaia Vedra e San Fiins de Salnés, por 30 libras de moeda vella ao ano.

A'.- ACS, CF2, ff. 32v-33r.

²⁶ Seguramente o escribán errara no ano dunha das datas.

50

1424, decembro, 12. [Santiago de Compostela]

Cecía Afonso, muller de Xoán Lopo, correeiro, veciño de Santiago, doa a perpetuidade á confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago a renda anual de 3 maravedís de dúas casas que o matrimonio ten na rúa do Castro, en Santiago, para seren recibidos como confrades.

A'.- ACS, CF2, f. 51v.

51

1425, marzo, 21, mércores. [Santiago de Compostela]

María Martínez, viúva de Rui de Veá, veciña de Santiago, moradora na rúa da Moeda Nova, vende a Xoán Ares do Vilar, cambiador, veciño de Santiago, a metade e a décima dunha casa na que vive a dita María Martínez por 3.500 maravedís.

B.- ACS, CF2, ff. 66v-67v.

52

1429, febreiro, 25. Capela de San Salvador (catedral de Santiago de Compostela).

A confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago afora a perpetuidade a Afonso Pérez, capelán de San Xoán Apóstolo, a metade dunha casa e a súa horta por 16 maravedís ao ano.

A'.- ACS, CF2, f. 52r.

53

1429, xullo, 16. [Santiago de Compostela]

Miguel Rodríguez do Vilar, xurado da cidade de Santiago, doa a perpetuidade á confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago a renda anual de 20 maravedís dun sexto dunha tafona, casa, pilos e caldeiras que lle pertencen na rúa do Franco, en Santiago, para ser recibido como confrade e se diga por el e a súa muller xa falecida, Mariña Afonso, unha misa anual o día de San Miguel, no mes de setembro.

A'.- ACS, CF2, f. 52v.

54

1430, marzo, 3. Santiago de Compostela, audiencia arcebispal.

Sentencia do xuíz da audiencia arcebispal, Estevón Fernández, tesoureiro da igrexa de Santiago, nun preito da confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago cos veciños da freguesía de San Xián de Almeiras, para que os labregos das terras da confraría non paguen certos tributos fiscais por privilexios que teñen dos reis.

B.- ACS, CF2, ff. 70v-71r.

55

1430, maio, 3. [Santiago de Compostela]

Xoán Serpe, fillo de Martín Serpe, xurado que foi de Santiago, veciño en Santiago, vende a Afonso de Santa Vaia, crego da igrexa de San Cristovo de Portomouro, vicario e procurador da confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago, o casal que chaman de Eira que está no lugar de Eira, na freguesía de Santa María de Villestro, por 3.120 marabedís.

B.- ACS, CF2, f. 63r/v.

186

56

1430, maio, 10. Lugar de Eira, freguesía de Santa María de Villestro.

Afonso de Santa Vaia, crego e procurador da confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago, toma posesión do casal de Eira, que lle fora vendido á confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago por Xoán Serpe (1430, maio, 3).

B.- ACS, CF2, f. 63v.

57

1431, febreiro, 18. Santiago de Compostela. Xoán Ares do Vilar, cambiador, veciño de Santiago, traspasa a Pero Afonso, notario apostólico, veciño de Santiago, e á súa muller, María Afonso, a metade dunha casa que comprara a María Martínez (1425, marzo, 21).

A'.- ACS, CF2, ff. 67v-68r.

58

1433, decembro, 31, mércores. Capela de San Salvador, catedral de Santiago de Compostela.

A confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago e o convento de Santa Cristina da Pena de Santiago aforan a perpetuidade, por unha voz e 29 anos máis a Álvaro da Rocha, pedreiro, veciño de Santiago, e á súa muller, María Afonso Furtada, unha casa na rúa da Porta da Pena de Santiago, por 10 libras de moeda vella branca ao ano.

A'.- ACS, CF2, f. 34r/v.

59

1435, decembro, 23. Santiago de Compostela.

Xoán de Lobelos, besteiro, veciño de Santiago, vende a Fernán Pérez, crego cureiro da igrexa de San Simón de Ons, un cuarto máis media décima dunha casa e horta na rúa da Mamoá, en Santiago, por 600 marabedís.

A'.- ACS, CF2, ff. 73v-74r.

60

1435, decembro, 23. Mosteiro de Santa María a Nova, Santiago de Compostela.

Frei Lopo, bacharel en teoloxía e administrador do mosteiro de Santa María a Nova de Santiago e os monxes de dito mosteiro aforan a perpetuidade a Fernán Pérez, crego cureiro da igrexa de San Simón de Ons, un cuarto máis decena dunha casa na rúa da Mámoa, en Santiago, por 6 marabedís anuais.

A'.- ACS, CF2, ff. 74r-75r.

61

1436, decembro, 29. Capela de San Salvador, catedral de Santiago de Compostela.

A confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago afora a perpetuidade a Fernán Pérez, crego cureiro da igrexa de San Simón de Ons, un cuarto menos media décima dunha casa na rúa da Mámoa, en Santiago, por 4 marabedís anuais.

A'.- ACS, CF2, ff. 75r-76r.

62

1437, setembro, 28, sábado. Capela de San Salvador, catedral de Santiago de Compostela.

A confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago afora a Gonzalo García de Vilagudín, escribán real, e á súa muller, Inés de Lesta, veciños de Santiago, unha casa na rúa do Castro, en Santiago, por 16 maravedís anuais.

B.- ACS, CF2, f. 64r/v.

63

1439, abril, 18. Capela de San Salvador, catedral de Santiago de Compostela.

A confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago afora a perpetuidade a Xácome de Rei, carniceiro, veciño de Santiago, tres cuartos dunha casa na rúa dos Ferreiros, en Santiago, por 9 libras anuais.

A'.- ACS, CF2, ff. 87v-88v.

188

64

1440, outubro, 8. Santiago de Compostela, dentro da casa de Afonso Pérez.

Cláusulas testamentarias de Afonso Pérez, capelán da capela de San Xoán Apóstolo de Santiago.

A'.- ACS, CF2, ff. 52v-53r.

65

1440, xuño, 3. Santiago de Compostela.

Xoán Fernández de Canas o mozo, veciño de Noia, vende a Lois Rodríguez, racioneiro da igrexa de Santiago, unha casa na rúa Nova de Santiago por 7.200 maravedís.

A'.- ACS, CF2, f. 97v.

66

1442, outubro, 31. [Santiago de Compostela]

Auto da audiencia arcebispal para que se traslade testamento (1441, xullo, 26. Santiago de Compostela) de Gonzalo García de Mandador, que moraba preto da Porta de Faxeiras, en Santiago.

A'.- ACS, CF2, ff. 34v-35v.

67

1442, abril, 8. Casas de morada de Eloi Martiz de Carballido (Santiago de Compostela).

Cláusulas testamentarias de Eloi Martiz de Carvallido, alcalde do rei no Reino de Galiza e seu vasalo e escribán de cámara.

A'.- ACS, CF2, ff. 91r-92r.

68

1443, setembro, 27. [Santiago]

Gonzalo Rodeiro o mozo, fillo de Gonzalo Rodeiro o vello, mercador, defunto, e de María Rodríguez, a súa muller, venden a Rodrigo Eanes, capelán de Santa María de Belvís e crego cureiro da igrexa de San Cristovo da Enfesta, unha casa na rúa de Vilarente, en Santiago, por 1.800 marabedís.

A'.- ACS, CF2, ff. 85r-86r.

189

69

1443, setembro, 27. [Santiago de Compostela]

Rodrigo Eanes, capelán de Santa María de Belvís e crego cureiro da igrexa de San Cristovo da Enfesta, toma posesión dunha casa na rúa de Vilarente, en Santiago, que lle venderan Gonzalo Rodeiro o mozo e María Rodríguez (1443, setembro, 27).

A'.- ACS, CF2, f. 86r.

70

1444, xaneiro, 7. [Santiago de Compostela]

Gonzalo Abril o vello, cambiador, e en nome do seu fillo, Gonzalo Abril o mozo, e Martín Fernández Verde, cambiador, e en nome do seu irmán, Miguel Fernández Verde, aforan a perpetuidade a Álvaro de Caxade, tundidor,

veciño de Santiago, unha casa na rúa do Preguntoiro, en Santiago, por 54 marabedís anuais.

B.- ACS, CF2, ff. 134v-135v.

71

1445, febreiro, 22. Santiago de Compostela.

Pero López, bacharel en decretos e procurador do doutor don Pedro Fernández de Mendoza, arcediago de Trastámara, vende a Estevo Rodríguez, cambiador, veciño de Santiago, e fiador de García Oanes, cambiador, veciño de Santiago, o casal de Quintáns e unhas propiedades na freguesía de Santa María de Vilvestro por 3.004 marabedís.

A'.- ACS, CF2, ff. 56v-57r.

72

1445, febreiro, 23. Lugar de Quintáns, freguesía de Santa María de Vilvestro.

Estevo Rodríguez, mercador, veciño de Santiago, toma posesión do casal de Quintáns e das propiedades que lle vendera Pero López, bacharel en decretos e procurador do doutor don Pedro Fernández de Mendoza, arcediago de Trastámara (1445, febreiro, 22).

B.- ACS, CF2, f. 57r/v.

73

1445, agosto, 16, luns. Audiencia arcebispal, en Santiago de Compostela.

Copia do testamento e codicilo de Lois Rodríguez, racioneiro da igrexa de Santiago. Orixinal: 1441, xaneiro, 28. Casas de morada de Lois Rodríguez, Santiago de Compostela.

B.- ACS, CF2, f. 98r/v.

74

1447, xaneiro, 20. [Santiago de Compostela]

Pedro Leiteiro, mercador, veciño de Santiago, e a súa muller, Costanza Ares, doan a perpetuidade á confraría dos cregos do coro da igrexa de

Santiago a renda anual de 50 maravedís dunhas casas e hortas na rúa do Vilar, en Santiago, para que cada ano, na véspera de Santa Vaia, se diga unha misa na capela de San Salvador por el e a súa muller e por Vernal Eanes do Campo e a súa muller, dona María de Bendaña.

A'.- ACS, CF2, ff. 53r-54v.

Insírese:

1446, outubro, 26. Santiago de Compostela.

Carta de poder de Costanza Ares ao seu marido, Pedro Leiteiro para que este leve a cabo a doazón sobredita.

B.- ACS, CF2, ff. 53v-54r.

1447, xaneiro, 5. Santiago de Compostela.

Carta de poder da confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago aos seus procuradores, os cregos Pedro López e Vasco Gómez, vigairos para que reciban a doazón sobredita.

B.- ACS, CF2, f. 54r/v.

75

1447, febreiro, 9. Capela de San Salvador, catedral de Santiago de Compostela.

A confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago afora a perpetuidade a María da Viña, viúva de Gonzalo da Viña, unha casa derruída na rúa de Vilarente, en Santiago, por 4 maravedís anuais.

A'.- ACS, CF2, ff. 88v-89r.

76

1448, xaneiro, 4. Capela de San Salvador, catedral de Santiago de Compostela.

Pedro García, crego cureiro da igrexa de Santa María de Irixoa, doa á confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago unhas herdades na freguesía de San Cosmede de Fins e de Santo Estevo de Medín por unha misa anual na véspera de San Pedro, no mes de xullo.

A'.- ACS, CF2, f. 90r-91r.

77

1448, maio, 1. Capela de San Salvador, catedral de Santiago de Compostela.

A confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago afora a perpetuidade a Gómez de Buxán, carniceiro, veciño de Santiago, e á súa muller, Catalina Fernández, dous terzos dunha mesa de tallar carne sita na carnicería de Cima da cidade Santiago por 16 maravedís anuais.

A'.- ACS, CF2, f. 89r-90r.

78

1449, decembro, 22. [Santiago de Compostela]

Cláusula testamentaria de Afonso da Meia, notario apostólico e crego cureiro de San Miguel de Boullón.

A'.- ACS, CF2, f. 54v.

79

1450, maio, 8. Capela de Santa María a Nova, Santiago de Santiago.

A confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago da en censo perpetuo a Xácome de Reis, carniceiro, veciño de Santiago, a cuarta parte dunhas casas na rúa da Pena de Santiago por 10 maravedís de moeda vella branca ao ano.

A'.- ACS, CF2, f. 36r/v.

80

1450, xuño, 28. Capela de Santa María a Nova, Santiago de Compostela.

A confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago afora a perpetuidade a Xoán Branco, notario apostólico, veciño de Santiago, e á súa muller, Costanza Gómez, un sexto de todas as herdades que a confraría posúe no lugar de Casavedra, na freguesía de Santo Estevo de Trasmonte, por 32 maravedís anuais.

B.- ACS, CF2, ff. 64v-65r.

81

1450, xullo, 6. Lugar de Merín, freguesía de San Cristovo de Merín.

Xoán de Salomé, crego e procurador da confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago toma posesión das herdades aforadas pola confraría a Xoán Branco e á súa muller, Costanza Gómez, no lugar de Merín (1450, xuño, 28).

B.- ACS, CF2, f. 65v.

82

1450, setembro, 8, martes-setembro, 14, luns. Agro da Barriga, entre o outeiro de Santa Susana e os lugares do agro de Nuno e de Cornes.

Partilla entre Gonzalo Xil, cambiador, veciño de Santiago, e a súa muller, Isabel Rodríguez, e o mosteiro de Santa María de Sar, do agro da Barriga (entre o outeiro de Santa Susana e os lugares do agro de Nuno e de Cornes), do agro de Redondelo e do agro de Vilanova, que pertencían á dita Isabel Rodríguez e a outros veciños.

A'.- ACS, CF2, ff. 99r-101r.

Insírese:

1450, agosto, 21. Santiago de Compostela.

Carta de poder do mosteiro de Santa María de Sar ao seu procurador, Rui do Canaval, cóengo de dito mosteiro.

B.- ACS, CF2, f. 99r/v.

83

1450, outubro, 14. Santiago de Compostela.

Pedro Rodríguez, racioneiro da igrexa de Santiago e crego da igrexa de Santa María de Biduído, afora a perpetuidade a Fernán Pérez, crego cureiro da igrexa de San Simón de Ons, un cuarto menos décima dunha casa na rúa da Porta da Mámoa, en Santiago, por 4 marabedís anuais.

A'.- ACS, CF2, f. 76r/v.

84

1452, xaneiro, 20. Casas de morada de Mariña Afonso na rúa do Vilar, Santiago de Compostela.

Mariña Afonso, viúva de Pedro Afonso, notario apostólico, doa á confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago, á dos mercadores, á dos alfaiates e á dos zapateiros 20 marabedís ao ano a cada unha delas da renda dunha casa na rúa do Vilar, en Santiago, para que cada confraría lle diga unha misa pola súa alma e a do seu marido o día de San Pedro Apóstolo ou a súa véspera, no mes de xullo.

A'.- ACS, CF2, ff. 54v-55r.

85

1453, setembro, 11. [Santiago de Compostela]

Manda testamentaria de Roi García, capelán da capela de Santa María do Camiño, en Santiago.

A'.- ACS, CF2, ff. 98v-99r.

86

1453, outubro, 17. [Santiago de Compostela]

María Rodríguez, viúva de Gonzalo Rodeiro, mercador, vende a Rodrigo Eanes, capelán do mosteiro de Belvís, a quinta parte e máis décima dunha casa na rúa de Vilarente, en Santiago, por 350 marabedís.

A'.- ACS, CF2, f. 56r.

87

1454, febreiro, 1. Santiago de Compostela.

Testamento de Xoán de Vilacide, mercador, veciño de Santiago e morador na rúa do Escurelo do Campo.

A'.- ACS, CF2, ff. 55v-56r.

88

1455, marzo, 15. [Santiago]

Mariña Afonso, viúva de Pedro Afonso, notario apostólico, veciño de Santiago, e en nome do seu fillo, o bacharel Álvaro Pérez, arcediogo de Camaces, chantre de Salamanca e cóengo de Santiago, doan a perpetuidade a Xoán González, cambiador, veciño de Santiago, e á súa muller, Antonia Rodríguez, a metade e a décima dunha casa na rúa da Moeda Nova de

Santiago, pero deberán de pagar en pensión a Mariña Afonso cada ano pola metade da casa 50 maravedís.

A'.- ACS, CF2, f. 68r/v.

89

1455, marzo, 16. Rúa da Moeda (Santiago de Compostela).

Xoán González toma posesión da metade dunha casa na rúa da Moeda Nova de Santiago que lle doara Mariña Afonso (1455, marzo, 15).

A'.- ACS, CF2, ff. 68v-69r.

90

1455, maio, 10. Casas de morada de Pedro Afonso, Santiago de Compostela.

Testamento de Pedro Afonso, notario público de Santiago.

A'.- ACS, CF2, ff. 92r-94r.

91

195

1455, xullo, 23. Capela de San Salvador, catedral de Santiago de Compostela.

A confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago da en censo a Roi Tolán, mercador, veciño de Santiago, dunhas casas na rúa de Vilarente, en Santiago, por 24 maravedís anuais.

A'.- ACS, CF2, ff. 36v-37r.

92

1455, decembro, 12. Casas de morada de Pedro Guillélmez, vila de Noia.

Pedro Guillélmez, veciño de Noia, vende a Vasco de Vilela e á súa muller, Maior Fernández, veciños de Noia, a metade dunhas casas na rúa Pedro Sardiña, en Noia, por 8 mil maravedís.

A'.- ACS, CF2, ff. 106r-107r.

93

1456, setembro, 9. Santiago de Compostela.

Sentenza de Vasco Martínez, xuíz da audiencia arcebispal, nun preito da confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago con Leonor do Souto, viúva de Sueiro do Souto, e con Maior Rodríguez, filla e herdeira do dito Sueiro do Souto, pola que manda á confraría que leve cada ano 12 maravedís que renda o lugar de Guisande, en terra da Meia, freguesía de Santa María de Perros, como estipulara no seu testamento Sueiro do Souto, a cambio dunha misa de aniversario.

B.- ACS, CF2, ff. 105v-106r.

94

1457, xaneiro, 26. Santiago de Compostela.

Maior Pérez, viúva de Vasco López de Burgos, veciña de Santiago, e en nome dos seus fillos e herdeiros, afora a perpetuidade a Fernando de Lema, escudeiro, veciño de Santiago, e á súa muller, Tareixa Sánchez, unhas casas na rúa da Pena, en Santiago, por 60 maravedís anuais.

A.- ACS, CF2, f. 113r/v.

196

95

1457, abril, 25. Santiago de Compostela.

Catalina Cacha, viúva de Gonzalo Cacho, carniceiro, veciña de Santiago, co consentimento da súa filla, Maior Cacha, doa a Fernán Gómez, capelán da capela de San Frutuoso, un cuarto dunha casa na rúa da Fonte do Franco, en Santiago.

B.- ACS, CF2, f. 120v.

96

1457, maio, 6. Santiago de Compostela.

Maior Cacha, filla de Gonzalo Cacho e Catalina Cacha, doa a Fernán Gómez, capelán da capela de San Frutuoso, un cuarto dunha casa na rúa da Fonte do Franco, en Santiago.

B.- ACS, CF2, ff. 120v-121r.

97

1457, maio, 16. Santiago de Compostela.

Maior Cacha, filla de Gonzalo Cacho e Catalina Cacha, doa a Fernán Gómez, capelán da capela de San Frutuoso, un cuarto dunha casa na rúa da Fonte do Franco, en Santiago.

B.- ACS, CF2, f. 121r/v.

98

1457, maio, 27. Capela de San Salvador, catedral de Santiago de Compostela.

Afonso Rodeiro, rexedor de Santiago, e a súa muller, Costanza García, doan á confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago unhas casas na rúa da Fonte do Franco, en Santiago, para que lles digan unha misa cada ano o día de San Gregorio, no mes de marzo.

A.- ACS, CF2, f. 94r/v.

99

1457, maio, 28. Santiago de Compostela.

Confirmación de Afonso Rodeiro da doazón á confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago dunhas casas na rúa da Fonte do Franco, en Santiago (1457, maio, 27).

A.- ACS, CF2, f. 94v.

197

100

1457, xullo, 8. Santiago de Compostela.

Maior Cacha, filla de Gonzalo Cacho e Catalina Cacha, doa a Fernán Gómez, capelán da capela de San Frutuoso, un cuarto dunha casa na rúa da Fonte do Franco, en Santiago.

B.- ACS, CF2, f. 121v.

101

1457, xullo, 11. Capela de San Salvador, catedral de Santiago de Compostela.

A confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago da en censo perpetuo a Xoán González, reitor da igrexa de Santa Mariña de Ameixenda, unhas casas na rúa Nova de Santiago por 40 marabedís anuais por unha misa anual rezada nas vésperas de Santa María, en setembro.

A'.- ACS, CF2, ff. 37r-38r.

102

1457, xullo, 28. Capela de San Salvador, catedral de Santiago de Compostela.

A confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago afora a perpetuidade a Xoán Ramos, correeiro, veciño de Santiago, e á súa muller, María Oanes, a metade dunhas casas na rúa de Abril por 30 marabedís anuais.

A'.- ACS, CF2, f. 95r/v.

103

1457, agosto, 7.

Santiago de Compostela. Maior Cacha confirma tres doazóns dun cuarto dunha casa na rúa da Fonte do Franco dadas a Fernán Gómez, capelán da capela de San Frutuoso.

A'.- ACS, CF2, ff. 121v-122r.

104

1457, decembro, 20. Santiago de Compostela.

Mecía López, viúva de Xoán González da Cana, veciña de Santiago, e en nome dos seus fillos menores de idade, e Fernando Ares, fillo de Mecía López e Xoán González, aforan a perpetuidade a García Fernández, crego de Santa María de Irixoa, unha casa na rúa da Troia por 60 marabedís ao ano.

A'.- ACS, CF2, f. 38v.

105

1459, xullo, 7. Capela de San Salvador, catedral de Santiago de Compostela.

Maior Pérez, viúva de Vasco López de Burgos, rexedor de Santiago, doa á confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago a renda de 60 marabedís anuais dunha casa en Santiago, sita na colación de San Miguel dos Agros, por unha misa pola súa alma o día da Concepción de Nosa Señora a Virxe Santa María, en decembro.

A.- ACS, CF2, ff. 123v-124r.

106

1459, xullo, 21. Santiago de Compostela.

Afonso López, zapateiro, e a súa muller, Tareixa Tolán, veciños de Santiago, doan á confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago a renda de 20 marabedís anuais dunhas casas na rúa Don Abril Ares, en Santiago, por unha misa anual polas súas almas o día de Santo Antonio.

A'.- ACS, CF2, f. 117r/v.

107

1459, xullo, 26. [Santiago de Compostela]

Maior Fernán, muller de Martín Domínguez, veciños de Vimianzo, freguesía de San Xoán de Cambeda, e Afonso Pérez, crego do beneficio de San Vicenzo de Vimianzo, como herdeiros de Fernán Pérez, crego do beneficio de San Simón de Ons, defunto, venden á confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago unhas casas na rúa da Porta da Mámoa, en Santiago, por 1.500 marabedís.

A.- ACS, CF2, f. 87r.

108

1460, xullo, 30. Santiago de Compostela.

Manda testamentaria de Mencía López, muller que fora de Xoán González da Cana, veciños de Santiago.

A.- ACS, CF2, ff. 95v-96r.

109

1460, agosto, 23. [Santiago de Compostela]

Xoán González da Cana, titor de Ares e Maior, fillos menores de idade de Mencía López, defunta, e Fernán Ares, fillo da dita Mencía López, aseguran á confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago a posesión dunha casa que se doaba á dita confraría nunha cláusula do testamentaria de Mencía López (1460, xullo, 30).

A.- ACS, CF2, f. 96r.

110

1460, outubro, 9. Capela de San Salvador, catedral de Santiago de Compostela.

A confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago afora a perpetuidade a Rui Fernández de Pedreda, carpinteiro, unha casa na praza de San Fins, en Santiago, por 5 libras anuais.

A'-. ACS, CF2, f. 112r/v.

111

1460, outubro, 14. Capela de San Salvador, catedral de Santiago de Compostela.

Acordo entre a confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago e Afonso de Sevilla, cóengo da igrexa de Santiago, polo cal a confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago da unha misa anual pola alma do cóengo e a cambio a confraría leva os 16 maravedís anuais que renda a viña de Reboredo, a cal posúe o cóengo na freguesía de Santa María da Quintá.

A'-. ACS, CF2, f. 101r/v.

112

1460, decembro, 2. Santiago de Compostela.

Álvaro Pérez do Vilar, licenciado en decretos, chantre de Salamanca e oidor da Real Audiencia, vende á confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago unhas casas na rúa do Vilar e a renda de 50 maravedís anuais da metade dunha casa na rúa da Moeda Nova, en Santiago, por 14 mil maravedís.

A.- ACS, CF2, f. 126r/v.

113

1461, agosto, 18. Casas de morada de Xoán Núñez Vinagre, mercador, en Santiago de Compostela.

Partilla dos bens que restaron á morte de Xoán González da Cana, veciño de Santiago.

A.- ACS, CF2, ff. 130r-131v.

114

1462, febreiro, 13. Santiago de Compostela.

Catalina Rodríguez, viúva de Vasco Pérez, boticario, veciña de Santiago, doa á confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago a renda de 20 marabedís anuais da metade das casas nas que vive na rúa do Campo, na freguesía de San Bieito de Santiago, por unha misa anual pola súa alma unha vez pasado o día de San Bieito, no mes de marzo.

A.- ACS, CF2, ff. 117v-118v.

115

1462, febreiro, 13. Santiago de Compostela.

Gonzalo Pérez De Aldín, mercador, veciño de Pontevedra, e a súa muller, Inés Fernández, venden á confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago o lugar e casal de Chorente, máis o casal sito no lugar da Pedra, máis outro lugar e casal despoboados, que están todos na freguesía de Santa Cristina de Nemenzo; máis outro casal na freguesía de San Vicenzo de Niveiro; e máis o lugar e herdades de Riotinto, na freguesía de San Xoán de Calo por 22.222 marabedís.

A.- ACS, CF2, ff. 126v-127v.

Insírese:

1462, febreiro, 9. Pontevedra.

Carta poder de Inés Fernández ao seu marido, Gonzalo Pérez De Aldín, mercador, veciño de Pontevedra.

B.- ACS, CF2, ff. 126v-127r.

116

1462, decembro, 8. Capela de San Salvador, catedral de Santiago de Compostela.

A confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago arrenda a perpetuidade a Lopo Ares, capelán da capela de San Fins de Solovio, a tenencia do chantre da igrexa de Santiago, don Afonso Sánchez de Ávila, por 380 maravedís anuais.

A.- ACS, CF2, ff. 131v-132v.

117

1463, abril, 24. [Santiago de Compostela]

Xoán González da Cana e Ares González do Vilar, mercadores, veciños de Santiago, venden a Martín López, cardeal da igrexa de Santiago, o casal de Aldrei, na freguesía de Santa María de Marrozos, o casal de Santa Marta coa herdade da Castiñeira, na freguesía de Santa Susana de Fóra, e o casal de Pumar Moiño, na freguesía de Santa María de Biduído, por 30 mil maravedís.

A.- ACS, CF2, ff. 82v-83v.

202

118

1463, xullo, 11. Santiago de Compostela.

Ares González do Vilar, mercador, veciño de Santiago, xura cumprir a venta duns casais feita por el e por Xoán González da Cana a Martín López (1463, abril, 24).

A.- ACS, CF2, ff. 83v-84r.

119

1463, xullo, 14. Santiago de Compostela.

Cumprimento por parte de Diego de Sant Vicente, fillo e herdeiro de don Afonso Sánchez de Ávila, chantre da igrexa de Santiago, e Diego de Sanmaniego, cóengo da igrexa de Santiago, e Xoán Castellano, veciño de Santiago, e Álvaro de Casteenda, notario de Santiago, testamentarios de Afonso Sánchez de Ávila, da manda do chantre de que se dea perpetuamente á confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago 50 marcos de prata labrada cada ano para que dela se compren bens raíces que monten mil maravedís para que se recen 96 misas cada ano na capela de San Ildefonso.

A.- ACS, CF2, f. 128r/v.

120

1463, novembro, 3. Capela de San Salvador, catedral de Santiago de Compostela.

Fernán Vázquez, capelán da capela de Santa María Madalena, sita na igrexa de Santiago, doa á confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago a renda de 16 maravedís anuais da metade dunha casa na rúa do Vilar, en Santiago, por un aniversario por el e polos seus pais.

A.- ACS, CF2, ff. 115v-116r.

121

1463, novembro, 5. Capela de San Salvador, catedral de Santiago de Compostela.

Maior Pérez Mosqueira, muller de Xoán Xerpe, veciño de Santiago, doa á confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago a renda de 15 maravedís anuais dunhas casas na rúa do Preguntoiro, por unha misa por ela e o seu primeiro marido, Xoán Iacob, o primeiro luns “que vale enno oitaval de todos santos”.

A.- ACS, CF2, f. 115r/v.

122

1463, decembro, 4. Lugar de Santa Marta, preto de Santiago de Compostela.

Apeo do lugar de Santa Marta, preto de Santiago.

A.- ACS, CF2, ff. 71v-73v.

Insírese:

1463, outubro, 1. Santiago de Compostela.

Carta de excomuñón e amoestación dada por Pedro López de Segovia, bacharel en decretos, cóengo da igrexa de Santiago e xuíz substituto de Vasco Martínez, bacharel en decretos, cóengo da igrexa de Sanantiago e xuíz da audiencia arcebispal.

B.- ACS, CF2, f. 71v.

123

1463, decembro, 13. Santiago de Compostela.

Margarida Oanes, viúva de Xoán de Freixido, mercador, doa a Afonso López e Fernando de Viço, zapateiros, veciños de Santiago, e ás súas mulleres, Tareixa Tolán e Inés González, un sexto e décima dun terzo da Tafona Nova, que está na rúa de Vilarente, en Santiago, cunha renda de 100 maravedís anuais que percibía a confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago por 5 aniversarios trala morte da dita Margarida Oanes.

A.- ACS, CF2, ff. 113v-114r.

124

1463, decembro, 20. [Santiago de Compostela]

Afonso López e Fernando de Viço, zapateiros, veciños de Santiago, e as súas mulleres, Tareixa Tolán e Inés González, obríganse a continuar pagando os 100 maravedís anuais á confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago correspondentes a renda da parte dunhas casas que a estes lles fora doada por Margarida Oanes (1463, decembro, 13).

A.- ACS, CF2, ff. 114r-115r.

204

125

1464, xaneiro, 5. Capela de San Salvador, catedral de Santiago de Compostela.

A confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago afora a perpetuidade a Lopo Ares, capelán da San Fiins do Louco, en Santiago, e confrade da dita confraría, todas as posesións e herdades que a confraría dou en doazón perpetua a Antón Eanes, escribán, por 18 maravedís ao ano.

A.- ACS, CF2, f. 39r/v.

126

1464, xaneiro, 5. Capela de San Salvador, catedral de Santiago de Compostela.

Tareixa de San Miguel, veciña de Santiago, doa á confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago a renda de 15 maravedís anuais da metade dunha casa na rúa de Algara de Cima, en Santiago, por unha misa de réquiem anual.

A.- ACS, CF2, f. 116v.

127

1464, maio, 8. [Santiago de Compostela]

Isabel Rodríguez, muller de Fernán Rodríguez de Betanzos, mercador, veciños de Santiago, venden a Martín López, cardeal da igrexa de Santiago, un agro que está cabo ao mosteiro de San Lourenzo de Trasouto por 2.020 maravedís.

A.- ACS, CF2, f. 84r/v.

128

1464, maio, 24. Lugares de Chorente e da Pedra, freguesía de Santa Cristina de Nemenzo.

Lopo Ares, capelán da capela de San Fins do Loveo, en Santiago, tenencieiro dos bens da capelanía de don Afonso Sánchez de Ávila, chantre de Santiago, e procurador da confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago, toma posesión das herdades compradas pola confraría a Gonzalo Pérez De Aldín, mercador, veciño de Pontevedra (1462, febreiro, 13)).

A.- ACS, CF2, ff. 128v-129v.

129

1464, maio, 25. Capela de San Salvador, catedral de Santiago de Compostela.

Ordenanza da confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago pola que cada novo confrade debe de presentar un fiador que pague as dúas libras de á confraría, xa que até ese intre moitos non as pagaban, así como os 8 diñeiros (ou 6 soldos) anuais de caridade que debía de pagar cada confrade.

A.- ACS, CF2, ff. 118v-119v.

130

1464, xullo, 6. Capela de San Salvador, catedral de Santiago de Compostela.

A confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago, afora a perpetuidade a Xoán Martiz, racioneiro de Sancti Spiritus, unha casa na rúa do Castro e Caldeiraría, en Santiago, por 20 maravedís anuais.

A.- ACS, CF2, f. 120r/v.

131

1464, agosto, 1. Capela de San Salvador, catedral de Santiago de Compostela.

María Gómez, viúva de Fernán Domínguez, carnicero, veciña de Santiago, doa a perpetuidade á confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago dúas casas na rúa de Vilarente, en Santiago, por unha misa de réquiem polo seu tío materno, Rodrigo Eanes de Belvís racioneiro da igrexa de Santiago, na véspera do día de Todos os Santos e por outra misa o día 8 de decembro, día da Concepción de Nosa Señora a Virxe María.

A.- ACS, CF2, ff. 77r-78r.

132

1464, agosto, 1. Capela de San Salvador, catedral de Santiago de Compostela.

A confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago afora a perpetuidade a María Gómez, viúva de Fernán Domínguez de Reis, carnicero, veciña de Santiago, de dúas casas na rúa de Vilarente, en Santiago, e que ela doara á dita confraría, por 60 marabedís anuais.

A.- ACS, CF2, f. 78r/v.

133

1464, agosto, 30. Capela de San Salvador, catedral de Santiago de Compostela.

Xoán González do Camiño, racioneiro da igrexa de Santiago e reitor da igrexa parroquial de Santa Mariña de Ameixenda, confirma a doazón que el mesmo lle fixera en 1457 á confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago da renda de 40 marabedís anuais dunhas casas na rúa Nova de Santiago por un aniversario pola súa alma; e ademais engade agora outros 40 marabedís anuais por outras misas: unha na capela de Santa María no día da festa do Nacemento da Nosa Señora a Virxe María, en setembro e outra na capela de Santa María do Camiño o día de San Cristovo Mártir, en xullo.

A.- ACS, CF2, ff. 122r-123r.

134

1465, xaneiro, 30. Noia.

Almoeda dos bens deixados no testamento de Pedro Guillélmez, veciño de Noia.

B.- ACS, CF2, ff. 147r-148v.

135

1465, febreiro, 23, sábado. Capela de San Salvador, catedral de Santiago de Compostela.

Gonzalo Abril, mercador, veciño de Santiago, doa á confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago a metade dunha casa na rúa do Preguntoiro, en Santiago, por dúas misas: unha o día de Santa María, no mes de marzo, e outra o día de Santa María Candelorum.

B.- ACS, CF2, f. 124r/v.

136

1465, febreiro, 23, sábado. Capela de San Salvador, catedral de Santiago de Compostela.

Xoán de Soon, crego e procurador da confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago, toma posesión da metade dunha casa na rúa do Preguntoiro, en Santiago, doada á confraría por Gonzalo Abril (1465, febreiro, 23).

A.- ACS, CF2, f. 124v.

137

1465, maio, 4. Santiago de Compostela.

Pedro López de Laraño, crego de San Martiño de Laraño, veciño de Santiago, afora a perpetuidade a María de Melide, veciña de Santiago, a metade dunhas casas na rúa dos Bautizados, en Santiago, por 22 marabedís anuais.

A.- ACS, CF2, ff. 138v-139r.

138

1465, xullo, 1. Capela de San Salvador, catedral de Santiago de Compostela.

Compromiso entre a confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago e Xoán de Monreal, cambiador, veciño de Santiago, para escoller xuíz árbitro nun preito sobre o cobro por parte da dita confraría da renda de 8 maravedís dunha casa na rúa do Vilar, en Santiago, que lle pertence ao cardeal da igrexa de Santiago Martín López.

B.- ACS, CF2, f. 125r/v.

139

1465, xullo, 6, xoves. Lugar de Xulgor.

Notificación dunha sentenza dada por Martín Vázquez Troco, bacharel en decretos e xuíz árbitro, no preito sobre o cobro por parte da dita confraría da renda de 8 maravedís dunha casa na rúa do Vilar, en Santiago, que lle pertence ao cardeal da igrexa de Santiago Martín López.

A.- ACS, CF2, f. 125v.

Insírese:

1465, xullo, 6, xoves. S. I.

Sentenza dada por Martín Vázquez Troco, bacharel en decretos e xuíz árbitro, no preito sobre o cobro por parte da dita confraría da renda de 8 maravedís dunha casa na rúa do Vilar, en Santiago, que lle pertence ao cardeal da igrexa de Santiago Martín López.

B.- ACS, CF2, f. 152v.

140

1465, agosto, 26. Capela de San Salvador, catedral de Santiago de Compostela.

Ratificación dun censo da confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago a Gonzalo Gasco e á súa muller, Aldara de Leis, dun sexto do casal de León, na freguesía de San Cosmede Doines, dun sexto do casal de Cima da Vila, na freguesía de Santo Estevo de Medín, da metade das herdades que posuía García Rodríguez, da metade doutro terreo e da cuarta parte do agro do Panascal, por 12 maravedís anuais, por unha misa cada ano o día de San Pedro, en xullo, polas súas almas.

A.- ACS, CF2, ff. 135v-136v.

141

1465, setembro, 10. Santiago de Compostela.

Xácome Verde, escribán de Santiago, vende a Maior Pérez, viúva de Afonso Roxino, carniceiro, veciña de Santiago, a metade dunhas casas na rúa do Preguntoiro, en Santiago, por 2.400 marabedís.

A.- ACS, CF2, f. 133r.

142

1465, outubro, 3, xoves. Capela de San Salvador, catedral de Santiago de Compostela.

Maior Pérez, viúva de Afonso Roxino, carniceiro, veciña de Santiago, doa á confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago a metade dunhas casas na rúa do Preguntoiro, en Santiago, por unha misa anual o día de San Pedro Mártir, 29 de abril.

A.- ACS, CF2, ff. 133v-134r.

143

1465, outubro, 4. Santiago de Compostela.

Afonso Fernández e Xoán Pumar, cregos e procuradores da confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago, toman posesión da metade das casas que lle doara á confraría Maior Pérez na rúa do Preguntoiro, en Santiago (1465, outubro, 3).

A.- ACS, CF2, f. 134r/v.

144

1467, xaneiro, 3. Santiago de Compostela.

Manda testamentaria de Fernando de Lema, crego.

B.- ACS, CF2, f. 140r.

145

1467, febreiro, 24. Capela de San Salvador, catedral de Santiago de Compostela.

A confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago afora a perpetuidade a Xoán do Pazo, veciño da freguesía de Santa Cristina de Fechán, e á súa muller, Sancha Pérez, o casal de Fechán de Terribias con se muíño, sito no lugar de Gaamil, na freguesía de Santa Cristina de Fechán, por 64 marabedís anuais.

A.- ACS, CF2, f. 142r/v.

146

1467, abril, 17. Santiago de Compostela.

Tareixa Estévez, viúva de Xoán de Viço, zapateiro, veciña de Santiago, doa a Gómez de Viço, racioneiro da igrexa de Santiago, a a metade das casas que posúe na rúa do Camiño, en Santiago.

A.- ACS, CF2, f. 150r/v.

147

1467, abril, 17. Santiago de Compostela.

Gómez de Viço, racioneiro da igrexa de Santiago, toma posesión da metade das casas que lle doara Tareixa Estévez na rúa do Camiño, en Santiago (1467, abril, 17).

A.- ACS, CF2, ff. 150v-151r.

210

148

1467, xullo, 11. Santiago de Compostela.

Pedro López, crego cureiro da igrexa de San Martiño de Laraño, veciño de Santiago, doa á confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago a metade dunha casa na rúa das Faxeiras, en Santiago, por unha misa anual a véspera de San Martiño, en novembro.

A.- ACS, CF2, f. 138r/v.

149

1467, xullo, 11. Casa da rúa das Faxeiras, en Santiago de Compostela.

Lopo Ares, García Fernández e Gonzalo Fariña, cregos e procuradores da confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago, toman posesión da

metade dunha casa na rúa das Faxeiras, en Santiago, doada á confraría por Pedro López (1467, xullo, 11).

A.- ACS, CF2, f. 138v.

150

1467, xullo, 23. Capela de San Salvador, catedral de Santiago de Compostela.

A confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago afora a perpetuidade a Xácome da Barca, crego, unha casa na rúa da Ferraría, en Santiago, por 51 marabedís anuais.

A.- ACS, CF2, f. 142r.

151

1467, setembro, 3. Capela de San Salvador, catedral de Santiago de Compostela.

Acordo entre a confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago e Fernán de Deza, crego e dobleiro do chantre da igrexa de Santiago, e crego da metade con cura do beneficio de Santa María de Arabexo, sito no arceprestado de Dubra, no arcediagado de Trastámara, polo cal, ante a pobreza do beneficio, a confraría rebaixa a 24 marabedís a renda anual que deben de pagar os reitores de dito beneficio.

A.- ACS, CF2, f. 139r/v.

152

1467, outubro, 30. Santiago de Compostela.

Manda testamentaria de Fernán García, mercador de Santiago, doando á confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago unhas casas na cidade de Santiago.

A.- ACS, CF2, ff. 142v-143r.

153

1467, novembro, 21. Santiago de Compostela.

Manda testamentaria de Maior Bernáldez, filla de Vasco Borrallo, defunto, e da súa muller, Inés Rodríguez.

A.- ACS, CF2, f. 152v-153r.

154

1467, novembro, 27. Lugar de Estevén, freguesía de San Pedro de Xallas.

Testamento de Xoán de Padreiro, crego da igrexa parroquial de Santa María de Alón.

A.- ACS, CF2, f. 146r/v.

155

1467, decembro, 21, luns. Santiago de Compostela.

Testemuño notarial de Pedro Fernández de Viveiro, cardeal da igrexa de Santiago, e de Gómez Vallo, racioneiro da igrexa de Santiago, e notarios apostólicos, de como ese día a confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago recibiron 12 fachos de cera para as honras do defunto Lopo Pérez.

A.- ACS, CF2, f. 137r/v.

212

156

1468, febreiro, 5. Capela de San Salvador, catedral de Santiago de Compostela.

A confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago afora a perpetuidade a Bartolomeu Leal, notario apostólico, dúas casas sitas nos chaos de Mazarelas, en Santiago, por 22 marabedís anuais, 11 por cada casa.

A.- ACS, CF2, f. 144r.

157

1468, xullo, 10. Couto de Souto, freguesía de Santa María de Gándara, arcediagado de Trastámara.

Copia do codicilo de Fernando de Lema, crego, no que doa á confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago as súas herdades no couto de Souto. Orixinal: 1467, xaneiro, 3. Santiago de Compostela.

B.- ACS, CF2, ff. 140v-141r.

158

1468, agosto, 7. Lugar de Montouto, freguesía de Santa María de Montouto, terra do couto de Xallas.

Xácome de Deza, criado de don Diego Verdexo, arcediago de Trastámara, e procurador da confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago, toma posesión das herdades doadas á confraría polo crego Fernando de Lema no seu codicilo (1467, xaneiro, 3).

A.- ACS, CF2, ff. 141v-142r.

159

1468, setembro, 24. Capela de San Salvador, catedral de Santiago de Compostela.

A confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago afora a perpetuidade a Martín Afonso, crego de San Cristovo de Merín, a tenencia de Merín por 70 maravedís anuais.

A.- ACS, CF2, f. 144v.

160

1468, setembro, 28. Santiago de Compostela.

Fernán de Lema, crego, veciño de Santiago, afora a perpetuidade a Roi García, veciño da freguesía de Santa María de Montouto, todas as posesións que ten na dita freguesía por 6 rapadas de trigo ao ano.

A'.- ACS, CF2, f. 154v.

161

1468, setembro, 30. Santiago de Compostela.

María Gómez, viúva de Fernán Domínguez, carnicero, veciña de Santiago, doa á confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago a renda de 20 maravedís anuais dunha casa na rúa de Algara de Baixo, en Santiago, por unha misa cada ano o día de Santo Domingo ou o día seguinte.

A.- ACS, CF2, f. 143v.

162

1468, novembro, 12. Capela de San Salvador, catedral de Santiago de Compostela.

A confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago afora a perpetuidade a Gonzalo de Mira, racioneiro da igrexa de Santiago, unha casa sita xunto á Porta pequena da capela de San Bieito de Santiago por 55 marabedís anuais.

A.- ACS, CF2, ff. 144v-145r.

163

1469, xaneiro, 18. Capela de San Salvador, catedral de Santiago de Compostela.

A confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago arrenda por 5 anos a Fernán Mateu, crego de Santa María de Gándara, todas as herdades sitas no lugar do couto do Souto, na freguesía de Santa María de Gándara, que Fernán de Lema, crego defunto, mandara no seu testamento á confraría, por 100 marabedís anuais.

A.- ACS, CF2, f. 145r/v.

214

164

1469, febreiro, 1. Capela de San Salvador, catedral de Santiago de Compostela.

A confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago afora a perpetuidade a Gómez de Viço, racioneiro da igrexa de Santiago, a metade das casas que a confraría ten na rúa da Mámoa, en Santiago, por 32 marabedís anuais.

A.- ACS, CF2, ff. 145v-146r.

165

1469, febreiro, 11. S. l.

Gómez de Varcea, fillo de Vasco Martínez da Ruanova e da súa muller, Susana Gómez, veciño de Santiago, e a súa muller, Inés Gómez, venden a Martín López, cardeal de Santiago, o casal e lugar de Quintáns, na freguesía de Santa María de Vilvestro, por 9 mil marabedís.

A.- ACS, CF2, ff. 57v-59r.

Insírese:

1466, marzo, 18. Lugar de Reboredo, freguesía de San Lourenzo de Montesagundo.

Carta de poder de Inés Gómez ao seu marido, Gómez de Varcea.

B.- ACS, CF2, ff. 57v-58v.

166

1469, setembro, 30. Santiago de Compostela.

Pedro Vello, crego e procurador da confraría dos cegos do coro da igrexa de Santiago, toma posesión dunhas casas en Santiago que deixara no seu testamento o mercador Fernán García do Vilar para a confraría.

A.- ACS, CF2, f. 143r.

167

1469, outubro, 31. Capela de San Salvador, catedral de Santiago de Compostela.

Gómez de Viço, racioneiro da igrexa de Santiago, doa á confraría dos cegos do coro da igrexa de Santiago a posesión e renda de 70 maravedís anuais dos tres cuartos dunhas casas na rúa do Camiño, en Santiago, por 3 misas anuais: unha o día de Santo Domingo, no mes de agosto, outra o día das “once mil virxes” no mosteiro de San Domingos de Bonaval e outra na véspera de Corpus Christi, dentro da capela de San Salvador.

A.- ACS, CF2, f. 149r/v.

168

1469, decembro, 16. Capela de San Salvador, catedral de Santiago de Compostela.

A confraría dos cegos do coro da igrexa de Santiago afora a perpetuidade a Xácome Rodríguez, crego de Santo André de Illobre, o casal de Viño, sito na dita freguesía, por 40 maravedís anuais.

A.- ACS, CF2, ff. 151v-152r.

169

1470, xaneiro, 13. Santiago de Compostela.

Gonzalo Manso e García Fernández, cregos e procuradores da confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago, toman posesión dos tres cuartos dunhas casas na rúa do Camiño, en Santiago, doados á confraría por Gómez de Viço (1469, outubro, 31).

A.- ACS, CF2, f. 149v.

170

1470, abril, 5. Santiago de Compostela.

Testemuño notarial de Xácome Verde, notario público e escusador de Pedro Domínguez, notario de Santiago, de como ese día a confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago recibira 12 fachos de cera para as honras da defunta dona Catalina, nai do arcebispo Afonso de Fonseca.

A.- ACS, CF2, f. 152r/v.

171

1470, xullo, 19, xoves. Santiago de Compostela.

Traslado ante o xuíz da audiencia arcebispal, o cardeal da igrexa de Santiago Diego Afonso, por petición de Gómez de Viço, racioneiro da igrexa de Santiago, dunha carta de venda de Xoán Ares do Vilar, titor de Xil, fillo de Fernán González do Preguntoiro, notario defunto de Santiago, a Xoán de Viço o mozo, zapateiro de Santiago, dunha casa na rúa do Camiño, en Santiago, por 6 mil maravedís. Orixinal: 1448, marzo, 18. Santiago de Compostela.

B.- ACS, CF2, ff. 149v-150r.

172

1470, xullo, 27. Capela de San Salvador, catedral de Santiago de Compostela.

Testemuño notarial de Gómez Fernández de como Fernán González, capelán da capela de Santa Susana de Santiago, paga á confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago a renda de 3 maravedís dunhas casas que lle pertenceran a Gonzalo García de Faxeiros, defunto, que fora veciño de Santiago, e que agora pertencían á capela de Santa Susana, e a cal dita renda fora doada á confraría por parte do dito Gonzalo García de Faxeiros.

A.- ACS, CF2, f. 151r/v.

173

1471, xaneiro, 8. Capela de San Salvador, catedral de Santiago de Compostela.

A confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago afora a perpetuidade a Fernán Fabeiro, carnicero, veciño de Santiago, unha casa na rúa de Vilarente, en Santiago, por 15 maravedís anuais.

A.- ACS, CF2, f. 153r.

174

1471, xaneiro, 11. Santiago de Compostela.

A confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago arrenda a Lopo Afonso, barbeiro, veciño de Santiago, un sexto dun casal no lugar de Vite (Santiago) durante 21 anos por 10 maravedís anuais.

A.- ACS, CF2, f. 153v.

175

1471, outubro, 14, luns. Santiago de Compostela.

Traslado da carta pola que Diego Verdexo, arcediogo de Trastámara, manda que se cumpra e respecte o título do beneficio de Santa María de Montouto que el mesmo lle otorgou a Xoán de Deus, xuíz de Luou e cóengo da igrexa de Santiago. Orixinal: 1468, decembro, 22. Santiago de Compostela.

B.- ACS, CF2, ff. 153v-154r.

217**176**

1471, novembro, 15. Santiago de Compostela.

Xácome González, notario da audiencia arcebispal, veciño de Santiago, doa á confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago a propiedade e renda de 12 maravedís anuais dunhas casas sitas detrás da capela de Santa María do Camiño de Santiago, por unha misa o oitavo día despois do día de todos os santos.

A.- ACS, CF2, f. 155r.

177

1471, novembro, 19. Santiago de Compostela.

Xoán Bugallo, crego e procurador da confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago, toma posesión das casas sitas detrás da capela de Santa María do Camiño de Santiago, doadas por Xácome González á confraría (1471, novembro, 15).

A.- ACS, CF2, f. 155r.

178

1471, novembro, 25. Capela de San Salvador, catedral de Santiago de Compostela.

Acordo entre a confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago e Afonso Vidal, crego da metade con cura da igrexa de Santa María de Arabexo, sita no arceprestado de Dubra, no arcediagado de Trastámara, para que se pague de foro por este beneficio 24 maravedís ao ano.

A.- ACS, CF2, f. 156r.

179

1471, novembro, 27, xoves. Audiencia arcebispal, Santiago de Compostela.

Traslado ante Diego Afonso, cardeal maior da igrexa de Santiago e xuíz da audiencia arcebispal, da carta de mandamento de Diego Verdexo, arcediago de Trastámara, para que se cumpra e respecte o título que el mesmo lle deu ao crego Afonso Vidal, crego da metade con cura da igrexa de Santa María de Arabexo, do dito beneficio. Orixinal: 1469, marzo, 1. Santiago de Compostela.

B.- ACS, CF2, ff. 155v.

Insírese:

1469, marzo, 16. Igrexa parroquial de Santa María de Arabexo.

Carta de posesión do dito beneficio por Afonso Vidal.

B.- ACS, CF2, f. 155v.

180

1472, febreiro, 2. Capela de San Salvador, catedral de Santiago de Compostela.

A confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago arrenda por 15 anos a Afonso da Igrexa, veciño da freguesía de San Pedro de Busto, todas as propiedades que ten a confraría na dita freguesía por 9 maravedís anuais.

A.- ACS, CF2, f. 156v.

181

1472, xullo, 20, luns. Audiencia arcebispal, Santiago de Compostela.

Sentenza do provisor arcebispal nun preito entre a confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago e Vasco de Vilela, mareante, veciño de Noia, sobre unhas casas na rúa Pedro Sardiña, en Noia, que pertencían a Xoán Bugueirete, mercador, veciño de Santiago, defunto, fillo de Fernán González do Preguntoiro, defunto tamén, e das que a confraría debía de levar de censo 13 maravedís anuais, segundo o establecera Xoán Bugueirete por un aniversario.

B.- ACS, CF2, f. 107r/v.

182

1472, agosto, 12, mércores. Audiencia arcebispal, Santiago de Compostela.

Pago dos 500 maravedís por parte de Vasco de Vilela correspondentes á emisión, escrituración, selo e firma da sentenza anterior (1472, xullo, 20).

A'.- ACS, CF2, ff. 107v-108r.

183

1475, novembro, 13, luns. Audiencia arcebispal, Santiago de Compostela.

Sentenza do provisor arcebispal nun preito entre a confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago e Gómez Arias, rexedor da vila de Muros, sobre o censo dos 13 maravedís anteriores, do cal o dito Gómez Arias debe de pagar 6 maravedís e medio ao ano á confraría.

B.- ACS, CF2, f. 108r/v.

184

1476, febreiro, 23, venres. Audiencia arcebispal, Santiago de Compostela.

Pago das custas por parte de Gómez Arias da sentenza anterior.

B.- ACS, CF2, f. 108v.

185

1476, xullo, 6. Agro de Vilanova, preto de Santiago de Compostela.

Testemuño notarial de Álvaro de Casteenda de como o cardeal da igrexa de Santiago Martín López posuía unhas leiras no agro de Vilanova.

B.- ACS, CF2, f. 109v.

186

1476, xullo, 11. Quintana de Pazos, Santiago de Compostela.

Testemuño notarial de Álvaro de Casteenda de como Martín González, cardeal e xuíz na audiencia arcebispal, aseguraba a posesión dunhas leiras no agro de Vilanova a Martín López, cardeal da igrexa de Santiago.

A.- ACS, CF2, ff. 109v-110r.

220

187

1476, agosto, 13. Nun agro xunto con as Cobas de San Lourenzo, preto de Santiago de Compostela.

Martín López, cardeal da igrexa de Santiago, toma posesión dun agro cabo ao mosteiro de San Lourenzo de Trasouto, que lle fora vendido por Isabel Rodríguez e polo seu marido, Fernán Rodríguez de Betanzos (1464, maio, 8).

A.- ACS, CF2, ff. 84v-85r.

188

1477, xaneiro, 7. Lugar de Covas, freguesía de Santo Estevo de Covas.

Xoán de Soon, crego e procurador da confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago, toma posesión do casal de Covas, sito na freguesía de Santo Estevo de Covas, que lle fora doado á dita confraría polo cardeal da igrexa de Santiago Martín López.

A'.- ACS, CF2, f. 81r.

189

1477, xaneiro, 7. Lugar de Quintáns, freguesía de Santa María de Villestro.

Xoán de Soon, crego e procurador da confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago, toma posesión do casal de Quintáns, sito no lugar de Quintáns, na freguesía de Santa María de Villestro, que lle fora doado á dita confraría polo cardeal da igrexa de Santiago Martín López.

A'.- ACS, CF2, f. 81v.

190

1477, xaneiro, 7. Preto do mosteiro de San Lourenzo de Trasouto, preto de Santiago de Compostela.

Xoán de Soon, crego e procurador da confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago, toma posesión das leiras denominadas Lieras da Castiñeira e un Agro das Coas, sitios preto do mosteiro de San Lourenzo, na freguesía de Santa Susana, que lles foran doados á dita confraría polo cardeal da igrexa de Santiago Martín López.

A'.- ACS, CF2, ff. 1v-82r.

221**191**

1477, xaneiro, 7. Freguesía de Santa Susana, preto de Santiago de Compostela.

Xoán de Soon, crego e procurador da confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago, toma posesión do casal de Santa Marta, que lle fora doado á dita confraría polo cardeal da igrexa de Santiago Martín López.

A'.- ACS, CF2, f. 82r.

192

1477, xullo, 3. Capela de San Salvador, catedral de Santiago de Compostela.

Gómez de Viço, racioneiro da igrexa de Santiago, herdeiro de Fernán Rodríguez, prateiro, vende á confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago, a metade do casal de Riba, sito no Barral e lugar de Riba, na freguesía de Santa Vaia de Dozón, por 2.200 marabedís.

A.- ACS, CF2, ff. 78v-79v.

193

1477, xullo, 3. Capela de San Salvador, catedral de Santiago de Compostela.

Nomeamento de procurador da confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago a Xácome Rodríguez, crego de Santo André de Illobre, para tomar posesión da metade dun casal que Gómez de Viço lle vendera á dita confraría (1477, xullo, 3).

A.- ACS, CF2, f. 79v.

194

1477, decembro, 10. Lugar de Riba, freguesía de Santa Vaia de Dozón.

Xácome Rodríguez, procurador da confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago, toma posesión dun casal que Gómez de Viço lle vendera á dita confraría (1477, xullo, 3).

A.- ACS, CF2, f. 80r.

222

195

1478, maio, 30. Lugar de Pumar Moiño, freguesía de Santa María de Biduído.

Xoán de Soon, crego e procurador da confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago, toma posesión do casal de Pumar Moiño, sito no lugar de Pumar Moiño, que lle fora doado á dita confraría polo cardeal da igrexa de Santiago Martín López.

A.- ACS, CF2, ff. 80v-81r.

196

1478, agosto, 30. Lugar de Fonteela, freguesías de San Cristovo do Eixo e San Martiño de Aríns.

Afonso Gómez de Vilar de Francos, escudeiro, cede á confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago a renda de 25 marabedís anuais do casal de Fonteela, nas freguesías de San Cristovo do Eixo e San Martiño de Aríns, para que se celebre cada ano unha misa de réquiem

A.- ACS, CF2, f. 80r/v.

197

1479, xaneiro, 13, mércores. Audiencia arcebispal, Santiago de Compostela.

Sentenza de Martín González de Morrazo, cardeal na igrexa de Santiago e xuíz da audiencia arcebispal, nun preito entre a confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago e Antonio das Mariñas, carpinteiro, veciño de Santiago, para que este último pague a perpetuidade á dita confraría 16 marabedís anuais polo foro da viña de Reboredo que lle pertence á confraría, sita preto da Ponte Ulla, na freguesía de Santa María de Quintá.

B.- ACS, CF2, f. 104r/v.

198

1479, abril, 23. Santiago de Compostela.

Compromiso entre a confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago e Xoán do Pazo, labrego, morador na freguesía de Santa Cristina de Fechán, para escoller homes bos que xulguen nun preito sobre o casal de Ribas, sito na dita freguesía, e que lle pertence ao labrego, pero que está en terra da confraría.

B.- ACS, CF2, f. 102r/v.

199

1479, maio, 6. Santiago.

Sentenza dos homes bos, Rui Mesurado e Xácome Álvarez, cregos, nun preito entre a confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago e Xoán do Pazo sobre o casal de Ribas, sito na freguesía de Santa Cristina de Fechán.

A.- ACS, CF2, f. 102v..

200

1479, xullo, 1. Capela de San Salvador, catedral de Santiago de Compostela.

A confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago afora a perpetuidade a Ares Fernández, pincerna da igrexa de Santiago, e á súa muller, Margarida Oanes, un casal no lugar de Vilaverde, na freguesía de Santo Estevo de Covas, por 15 marabedís anuais.

A.- ACS, CF2, f. 109r.

201

1480, maio, 31. Capela de San Salvador, catedral de Santiago de Compostela.

A confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago afora a perpetuidade a Gómez de Viço, racioneiro de Santiago, a metade do casal de Ribas, na freguesía de Santa Vaia de Dozón, por 60 maravedís anuais.

A.- ACS, CF2, f. 105r/v.

202

1480, xullo, 8. Capela de San Salvador, catedral de Santiago de Compostela.

Xoán Ares Chanteiro, veciño de Santiago, doa á confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago a renda anual de 20 maravedís e outros 8 maravedís do casal de Ponte, na freguesía de Santa María de Chaián, para que celebren unha misa cada ano pola súa alma.

A.- ACS, CF2, f. 103r/v.

203

1480, xullo, 8. Capela de San Salvador, catedral de Santiago de Compostela.

A confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago afora a perpetuidade a Xoán Ares Chanteiro o vello, veciño de Santiago, e á súa muller Inés Gómez, o casal de Ponte, sito na freguesía de Santa María de Chaián, por 40 maravedís anuais.

A.- ACS, CF2, f. 110r/v.

204

1480, xullo, 28. Capela de San Salvador, catedral de Santiago de Compostela.

A confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago afora a perpetuidade a Francisco de Lerma e á súa muller, María Valla, herdeiros de Gómez Vallo, racioneiro da igrexa de Santiago, defunto, a metade dunha casa en Santiago, xunto co muro e a porta de Algara de Cima, que o dito racioneiro

doara á confraría no seu testamento por un aniversario, e agora se aforaba por 25 maravedís anuais.

A.- ACS, CF2, ff. 110v-111v.

205

1480, setembro, 7. Casas de morada de Catalina Rodeira, en Santiago de Compostela.

Xácome Álvarez, crego e procurador da confraría dos cegos do coro da igrexa de Santiago, toma posesión da casa en que mora Catalina Rodeira, sobriña de Afonso Rodeiro, rexedor defunto de Santiago, que queda para a confraría por falta de descendencia da dita Catalina Rodeira, e que así estipulara o seu tío no seu testamento.

A.- ACS, CF2, ff. 104v-105r.

206

1503, xaneiro, 10. Santiago de Compostela.

O bacharel Pedro de Soto, cóengo da igrexa de Santiago, xuíz de Vilvestro e provisor do arcebispo, manda que ninguén tome á confraría dos cegos do coro da igrexa de Santiago a cera que se pon entre o coro e o altar da catedral de Santiago durante as distintas celebracións litúrxicas.

B.- ACS, CF2, f. 28v.

207

1505, abril, 30. Santiago de Compostela.

Traslado dunha manda testamentaria de Xoán Álvarez, crego de Santa María de Lamas. Orixinal: 1504, xuño, 16. Santiago de Compostela.

B.- ACS, CF2, ff. 27v-28r.

208

1512, setembro, 17. A Tafona Vella, Santiago de Compostela.

Diego Díaz, capelán e procurador da confraría dos cegos do coro da igrexa de Santiago, toma posesión de dous paos para traballar coiros.

B.- ACS, CF2, f. 28r.

209

1527, marzo, 28. Capela de Santa María da Concesión, catedral de Santiago de Compostela.

Lourenzo González, carniceiro, veciño de Santiago, doa a perpetuidade á confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago unha renda de 100 marabedís anuais tirada das casas que ten na rúa de Algara de Çima, en Santiago, por un aniversario.

A.- ACS, CF2, ff. 23v-24r.

210

1527, maio, 23. Santiago de Compostela.

Pero do Curral, veciño da freguesía de Santa María de Ordes, en terra de Montaos, vende á confraría cregos do coro da igrexa de Santiago 4 rapadas de trigo por 12 mil marabedís.

A.- ACS, CF2, ff. 24v-25r.

226

211

1527, xuño, 19. Santiago de Compostela.

Pedro Fernández de Castroverde, cardeal de Santiago, doa a perpetuidade á confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago unha renda de 3.180 marabedís anuais por 12 aniversarios.

A.- ACS, CF2, ff. 22v-23r.

212

1527, decembro, 29. Santiago de Compostela.

O licenciado Xoán Mohedano, arcediago de Neira, cóengo na igrexa de Santiago e provisor do arcebispo, concede á confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago o título do beneficio simple “quarto e ochavo sincura” da igrexa de San Mamede de Moldes, pertencente ao arcediagado de Salnés.

B.- ACS, CF2, f. 26r.

213

1530, decembro, 2. Santiago de Compostela.

Pedro Vaamonde, cóengo da igrexa de Santiago, lugartenente do provisor do arcebispo, Xoán Mohedano, concede á confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago o título de beneficio “cuarta parte sincura” da igrexa de Santiago da Puebla, sito no deádego de Santiago.

B.- ACS, CF2, f. 27r.

214

S. XV, setembro, 13. S. l.

Partición de bens feita por Isabel Rodríguez e o seu marido.

A'.- ACS, CF2, f. 112r.

215

S. XV, s. d. Capela Salvador, catedral de Santiago de Compostela.

Xoán Lourenzo Porra, mercador de Santiago, doa á confraría dos cregos do coro da igrexa de Santiago unha renda anual de 4 maravedís.
Incompleto

ACS, CF2, f. 112v.